



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA
Secretaría Xeral de Política Lingüística

Rúa da Pastoriza, 8
15781 Santiago de Compostela
Tfno.: 981 545 436
Fax: 981 544 424
www.xunta.es/linguagalega

galicia

Dirixome a vostede para informarlle das actuacións realizadas pola Secretaría Xeral de Política Lingüística en relación coa utilización de cartografía coa toponimia deturpada nunha presentación pública en Panxón dun proxecto de obras do Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente no litoral galego.

Polo exposto, ao abeiro das obrigas legais que teño encomendadas en defensa do patrimonio toponímico de Galicia, e a regulación prevista no artigo 10 da Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística, dende a Secretaría Xeral de Política Lingüística dirixímonos mediante escrito ao director xeral de Sostibilidade da Costa e do Mar para amosarlle o malestar do goberno galego e o meu propio polo incumprimento de obrigas legais en materia lingüística, o desexo compartido da Xunta de Galicia de que nun futuro non se repitan situacións como a indicada anteriormente, e para requirirle un informe comprensivo das circunstancias que motivaron o seu emprego deturpado.

Coa mesma data de remisión desta comunicación recibimos na Secretaría Xeral de Política Lingüística mediante correo electrónico unha completa explicación dos feitos por parte do responsable da dirección xeral que impulsou o proxecto, e nela manifesta o seu compromiso de non incorrer novamente nunha situación que teña como consecuencia o uso incorrecto da toponimia galega.

Segundo se desprende do seu escrito explicativo, o suceso unicamente tivo incidencia formal no mapa (que non fora elaborado polo devandito departamento) que se utilizou para facer a presentación do proxecto, pois no resto da documentación contida no expediente (memorias, informes e outra documentación descritiva e técnica) fíxose un uso adecuado da toponimia galega.

O director xeral subliña que a antigüidade do mapa (ano 1985) non é escusa, nin tampouco o feito de que ninguén fose consciente deste erro, para concluír expresando *"que nunca debeu utilizarse ese mapa."*

Aclara, así mesmo, que o controvertido mapa non se utilizou como soporte para as explicacións técnicas das obras, nin para a posterior atención aos medios de comunicación, e remata admitindo un profundo respecto pola lingua galega e o seu firme propósito de prestarlle o debido respecto ás normas que regulan a nosa riqueza lingüística.

Co propósito de defender o patrimonio lingüístico de Galicia, na procura de ofrecer solucións cara ao futuro, reciba un cordial saúdo.

Santiago de Compostela, 27 de xuño de 2014

O Secretario xeral de Política Lingüística

Valentín García Gómez